

TEMPORADA 2010-2011
2º PERÍODO: XANEIRO - XUÑO

Dossier de prensa

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

temporada 2010-2011

2º PERÍODO DE PROGRAMACIÓN

XANEIRO - XUÑO 2011

Centro Dramático Galego
Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 981 581 111
centro.dramatico.galego@xunta.es

www.centrodramatico.org

Comunicación. AGADIC
Rúa da Vesada, s/n. San Lázaro
15703 Santiago de Compostela
Tel. 981 577 126 / 128 (ext. 105 e 116)
prensa.agadic@xunta.es

www.agadic.info

ÍNDICE

1. Presentación	4
2. Producción propia	5
<i>A ópera dos tres reás</i>	5
Bertolt Brecht, autor	6
Kurt Weill, compositor	7
Quico Cadaval, director escénico	8
Carlos Ariel Gracia Báez, director musical	9
Luis Tosar, actor protagonista	10
<i>Salomé</i>	11
Funcións en xira	12
3. Salón Teatro	13
4. Formación continua	47
<i>Curso sobre Molière</i>	47
Mario Tomás	48
5. Cesión de espazos	49

O1 PRESENTACIÓN

O Centro Dramático Galego levanta o pano do segundo periodo da súa actividade escénica 2010-2011 coa mirada posta especialmente no seu labor de produción propia. Así, a compañía pública estreará en xuño o musical *A ópera dos tres reís*, a versión galega de Quico Cadaval feita a partir do texto de Bertolt Brecht e libreto de Kurt Weill. O aclamado actor Luis Tosar protagonizará este drama que conta coa dirección musical de Carlos Ariel Gracia Báez.

O CDG desenvolverá ata marzo a xira da montaxe, *Salomé*, dirixida por Carlos Santiago a partir da obra de Oscar Wilde. Despois da súa estada en Vigo, o espectáculo exhibirase sucesivamente no Teatro Lauro Olmo do Barco (14 de xaneiro), Auditorio Municipal de Vilagarcía (4 de febreiro), Auditorio Gustavo Freire de Lugo (10 de febreiro), Teatro Municipal Área Panorámica de Tui (18 de febreiro), Teatro Principal de Pontevedra (22 e 23 de febreiro), Pazo da Cultura de Narón (25 e 26 de febreiro), Teatro Rosalía da Coruña (4 de marzo), Teatro Principal de Ourense (12 e 13 de marzo) e Teatro Jofre de Ferrol (17 e 18 de marzo).

Ademais, a obra viaxará a Portugal, en concreto ao Centro Cultural Vila Flor de Guimarães (22 de xaneiro), Teatro Acert de Tondela (26 de xaneiro) e Theatro-Circo de Braga

(28 e 29 de xaneiro). Finalmente, o periodo de exhibición de *Salomé* rematará no Salón Teatro, onde do 23 ao 26 de marzo se desenvolverán outras catro novas funcións.

Polo que respecta ao Salón Teatro, a consolidación dos públicos e a oferta dun servizo cultural público, próximo e de calidade continúan a ser as premisas sobre as que se sustenta a xestión de dirección que encabeza Blanca Cendán. Estas liñas programáticas reflíctense nunha carteleira externa que ofrecerá un total de 24 espectáculos de xéneros e estilos moi variados onde terán cabida a danza, os musicais, os concertos e, por suposto, o teatro, o gran protagonista. Once compañías de Galicia, tres de Portugal e dúas de Andalucía recalarán no espazo compestelán para presentarnos as súas últimas propostas escénicas.

O apoio do CDG á comunidade artística galega prosegue, por unha banda, coa cesión gratuíta das salas da nave de servizos múltiples que a Agadic mantén no polígono empresarial Costa Vella, en Santiago, para que as compañías ensaien as novas producións; e por outra, coa celebración dun novo curso dentro do apartado de “Formación continua” dedicado a Molière que impartirá Mario Tomás.

O2

PRODUCCIÓN PROPIA

A ópera dos tres reás

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Autoría: Bertolt Brecht (texto) e Kurt Weill (música)

Dramaturxia e dirección escénica: Quico Cadaval

Dirección musical: Carlos Ariel Gracia Báez

Protagonizada por Luis Tosar

Estrea: en Santiago de Compostela no mes de xuño

Coincidindo co Ano Internacional da Música, e dentro do plan de produción propia, o Centro Dramático Galego presenta *A ópera dos tres reás*, a súa segunda proposta escénica para esta temporada 2010-2011 cuxa estrea terá lugar en Santiago de Compostela no mes de xuño.

A compañía pública galega actualiza o clásico de Bertolt Brecht baixo a dirección escénica de Quico Cadaval —quen asume tamén a dramaturxia—, e a dirección musical de Carlos Ariel Gracia Báez.

Luis Tosar, a cara máis recoñecida do panorama cinematográfico actual e un dos actores máis solicitados, encabezarán o elenco deste drama musical. O resto do equipo será seleccionado no mes de febreiro e a data de inicio dos ensaios está prevista para abril.

Baseada na peza do dramaturgo inglés John Gay *A ópera do mendigo* (1728), a obra constituíu o éxito teatral máis importante de Brecht. Ás formulacións escénicas do dramaturgo alemán uniuse unha fascinante partitura com-

posta por Kurt Weill, na que incorporou cabaré, jazz e música culta, aínda que satirizada. Algúns dos seus temas musicais adquiriron grande éxito por si mesmas, como *A balada de Mackie o Navalla*, *Jenny a dos piratas*, *A canción dos canóns*, *Barbara song* e *A balada do bordel* que foron inmortalizados por grandes cantantes como Louis Armstrong, Edith Piaf, Nina Hagen, Tom Waits, Ute Lemper, Sting...

Brecht sitúa na Alemaña dos anos 30 un mundo de delincuencia, crise, prostitución, miseria e abusos, no que o popular delincuente Mackie Messer seduce a filla do rei dos mendigos. Unha voda nunha corte é o detonante dunha carreira vertixinosa en que os mendigos, as prostitutas e a policía comparten protagonismo, audacias e un final sorprendente.

Música e palabra, da man, ofrecen unha obra que busca o goce xunto á reflexión.



Bertolt Brecht, autor

Bertolt Brecht é un dos dramaturgos máis destacados e anovadores do século XX. Estudou Medicina en Munich e durante a I Primeira Guerra Mundial traballou como enfermeiro nun hospital militar. Ao rematar a guerra, entrou en contacto cos círculos artísticos vencellados ao expresionismo e viron á luz as súas primeiras obras dramáticas: *Baal* (1920), *Tambores na noite* (1922), *Na espesura das cidades* (1921-1924) e *Un home é un home* (1927).

En 1926 comezou a súa dedicación intensiva ao marxismo ao establecer un estreito contacto con Karl Korsch e Walter Benjamin. A súa *Ópera de catro cuartos* (1928) –con música do compositor alemán Kurt Weill– obtivo o maior éxito coñecido na República de Weimar. Ese ano casou coa actriz Helene Weigel. Daqueles anos datan a ópera *Grandeza e decandencia da cidade de Mahagonny* (1929), tamén con música de Weill, e as chamadas obras didácticas (*A decisión*, *O que dice si*, *o que dice non*, *A excepción e a regra...*).

Será en 1930 cando empece a ter máis que contactos co Partido Comunista Alemán. O 28 de febreiro de 1933, un día despois da quema do Parlamento alemán, Brecht comezou o seu camiño cara ao exilio e tras unha breve tem-

porada en Austria, Suíza e Francia, marchou a Dinamarca. En 1935 viaxou a Moscú, Nova York e París, onde interveu no Congreso de Escritores Antifascistas, suscitando unha forte polémica.

En 1939, temendo a ocupación alemá, marchou a Suecia; en 1940, a Finlandia, país do que tivo que escapar ante a chegada dos nazis; e en 1941, a través da Unión Soviética (vía Vladivostok), a Santa Mónica, nos Estados Unidos, onde permaneceu aillado seis anos, vivendo de guións para Hollywood. Nesta etapa de exilio escribiu, entre outras, as súas catro obras máis célebres: *Galileo Galilei* (1938), *A boa persoa de Sezuán* (1938-1940), *Nai coraxe e os seus fillos* (1941) e *O círculo de tiza caucasiano* (1944-1945).

En 1947 levouse á pantalla *Galileo Galilei*, con moi pouco éxito. A raíz da estrea deste filme, o Comité de Actividades Antinorteamericanas considerouno elemento sospeitoso e tivo que marchar a Berlín Este (1948), onde organizou primeiro o *Deutsches Theater* e, posteriormente, o *Theater am Schiffbauerdamm*.

En Berlín, xunto coa súa esposa Helene Weigel, fundou en 1949 o coñecido *Berliner Ensemble*, e dedicouse exclusivamente ao teatro ata a súa morte en 1956.



Kurt Weill, compositor

Nacido en Dessau (Alemaña) no seo dunha familia xudía (o seu pai era cantor nunha sinagoga), Kurt Weill mostrou un talento musical desde pequeno. Estudou composición musical no Conservatorio de Berlín con Ferruccio Busoni e compuxo a súa *Primeira sinfonía*, influída polo estilo expresionista de moda naqueles tempos en Berlín.

Aínda que tivo certo éxito coas súas primeiras obras, Weill tendía cada vez máis cara á música instrumental e o teatro musical. En 1926, estreou en Dresde a súa primeira ópera, *O protagonista*, nun só acto e con libreto de Georg Kaiser. Pero foi o seu *O novo Orfeo* (1925), unha cantata para soprano, violín e orquestra baseada nun poema de Iwan Goll, o que marcou un momento crucial na súa carreira. A estética moderna fíxose máis evidente na ópera surrealista dun só acto *Palacio Real* (1926) sobre un libreto de Iwan Goll así como na ópera bufa *O tsar déixase fotografar* (1927), cun libreto de Georg Kaiser.

Weill obtivo o éxito definitivo con *A ópera dos catro cuartos* (1928), escrita en colaboración co dramaturgo Bertolt Brecht, na que a feroz crítica social que a obra contén se expresa por medio dunha música composta para unha orquestrina de cabaré. Dous anos despois desenvolveu aínda máis este estilo en *Grandeza e decadencia da cidade de Mahagonny*, obra dunha ácida sátira social de Brecht, con quen Weill tamén colaborou en *Final feliz* (1929).

Cada vez máis incómodo coas restricións que impoñía Brecht ao papel da música no seu teatro político, Weill buscou outros colaboradores, como o escenógrafo Caspar Neher, que escribiu o libreto da súa ópera épica en tres actos *O avar* (1931), e volveu colaborar con Georg Kaiser na comedia musical *O Lago de Prata* (1932).

A música de Weill non era do agrado dos nazis, que provocaron alborotos durante as súas representacións e or-

ganizaron campañas de boicot para impedir a montaxe das súas obras. Esta situación obrigou a Weill e á súa esposa, a cantante Lotte Lenya, a abandonaren Alemaña en marzo de 1933 e establecerse en París, onde continuou brevemente a colaboración con Brecht en *Os sete pecados capitais*, un "ballet cantado" para a compañía de George Balanchine. Tamén escribiu a música para a obra de Jacques Deval Marie galante.

En setembro de 1935, Weill viaxou aos Estados Unidos para supervisar a montaxe de Max Reinhardt da obra épica de Franz Werfel, para a que escribira a música. Tras moitos atrasos, a obra representouse, parcialmente truncada, en 1937 como *A estrada eterna*. Entrementres, o Group Theatre recrutou a Weill para colaborar co libretista Paul Green no musical *Johnny Johnson*, baseado libremente na novela *O bo soldado Schweik*, do autor checo Jaroslav Hašek. A súa música, aínda recoñeciblemente "europea", foi un éxito e consolidou a Weill no panorama musical norteamericano. Animado polo seu triunfo, e convencido de que o teatro comercial ofrecía máis posibilidades que a ópera tradicional, Weill e Lenya decidiron quedar nos Estados Unidos e solicitar a nacionalidade norteamericana, que obtiveron en 1943.

Durante os anos seguintes, Weill compuxo musicais da importancia de *Knickerbocker Holiday* (1938), que foi un éxito relativo, pero que consagrou a súa famosa *September Song*, *Lady in the dark* (1941), con letras de Ira Gershwin, *One touch of Venus* (1943), *Street scene* (1947), *Love life* (1948) e *Lost in the stars* (1949).

Weill estaba a traballar nunha versión musical de *Huckleberry Finn* de Mark Twain cando sufriu un ataque ao corazón. Morreu o 3 de abril de 1950, un mes despois de facer os cincuenta anos.



Quico Cadaval, director escénico

Actor, director e adaptador teatral, foi o impulsor do movemento de contacontos xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos desde moi neno grazas a unhas vellas que se encargaron de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai.

Nado en Ribeira en 1960, comezou na interpretación teatral a finais dos setenta e xa a mediados dos oitenta, funda a súa propia compañía, O Moucho Clerc. Na súa faceta de dramaturgo produciu os textos *Un código clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses, *O rouxinol da Bretanha* sobre BD de Hugo Pratt, *A caza do snark*, sobre o poema de Lewis Carrol, *Se o vello Simbad volveuse ás illas* e *O ano do cometa*, ambos os dous dos romances homónimos de Álvaro Cunqueiro ou *Rapatú*, do conto popular europeo *A sogra do diablo, ou Espantoso!!!*, que foi premiado co María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002.

Como director escénico, púxose á fronte de montaxes como *A cor das cerejas*, *Doberman*, *Squash*, *A cigana vermella da Ilha Terceira*, *A cantiga do desterro*. *Chanson d'exil*, *Speer*, *A voda dos moinantes*...

É ademais guionista e director dos espectáculos de Mofa e Befá (*Para ser exactos*, *Cultura para dar e tomar* e *Finis Mundi Circus*) e recentemente dirixiu para *Pressing Catch* para a compañía Berrobambán e as pezas *No comment (Obra)*, *Shakespeare para ignorantes*, *Un cranio furado (A skull in Connemara)* e *Fantasmas familiares* para Producións Teatràis Excéntricas.

Para o CDG dirixiu as producións *Como en Irlanda* (1996), *O ano do cometa* (2004) e *Noite de Reis. Ou o que queira des* (2007), que lle valeu o Premio María Casares 2007 á Mellor Dirección, e *As dunas* (2009).

Participou en diferentes producións da TVG, así como en curtas e longametraxes. Continúa a traballar no audiovisual como actor e como guionista. Foi profesor de interpretación de "Operação Triunfo" (Portugal, 2003).



Carlos Ariel Gracia Báez, director musical

"Unha interpretación poética extremadamente musical e a súa carismática batuta, caracterizan a proposta de Carlos Ariel, expresada durante a execución cunha mensaxe profunda, vibrante e inspirada", documentan algúns medios durante os Festivais Bach, Edinburgh Fringe, Music@Drumcliffe, L'heure Musicale du Marais, Texas MF, Noches y Almenas de Ávila ou Passarel.la Gaudí, entre outros.

Como director do Collegium Musicum de Galicia, promove a música e integración de mozos que colaboran con entidades públicas e privadas en Castela e León, Canarias e Baleares, durante a Bienal en Arcos de Valdevez. En Italia é *Cittadino Onorevole* de Tuili polo seu traballo como mestre de capela en San Pietro. Tamén asistiu ao congreso multidisciplinar de Reggio Calabria e traballa de xeito permanente coa Orchestra di Camera della Sardegna e o conxunto británico Academy of St Matthew's. Así mesmo, mantén unha estreita relación cos compositores Leonardo Coral, Rafa Cavestany e David Johnstone na estrea e edición das súas obras, ademais de musicalizar numerosos espectáculos escénicos e retransmisións para radio e televisión, como o documental *La columna de los ocho mil* ou a Gala María Casares.

Tras a súa exitosa incursión na dirección de orquestra con *Messiah* de Handel e no bicentenario da morte de Mozart, é considerado un dos directores máis destacados da súa xeración, obtendo os premios Post Office Young Conductors Award, Hugh S. Robertson en Escocia e Ralph Nordell en Londres. Foi director artístico da sinfónica e sociedade coral da Universidade de Glasgow, o Genesis Ensemble, a Camerata de Zacatecas, así como

hóspede das sinfónicas Nacional, a Carlos Chávez, de Cámara de Belas Artes, filharmónica de Zli ou a sinfónica de Xove, e durante o encontro coa Nova Orquestra Nacional de España nas Navas del Marqués.

No teatro, Carlos Ariel dirixiu as óperas *The Rape of Lucretia*, *Faust* (co Mayer-Lismann Opera Centre), a estrea mundial de *Dona Zenaida* con Solistas de Morelos, unha clase maxistral para Friends of Covent Garden, no concurso internacional de Ópera do Teatro Real de Madrid, e como asistente do mestre Guido Maria Guida, durante a produción do *Der Ring des Nibelungen* de Wagner na Ópera Nacional de Belas Artes de México.

Dirixiu, á fronte da Athens State Orchestra no Megarón, con Natalia Gutman como solista e, máis tarde, á fronte da London Symphony Orchestra no Barbican Hall, durante unha clase maxistral como discípulo de sir Colin Davis.

Carlos Ariel actuou para distinguidas personalidades como a duquesa de Gloucester, o nuncio do Vaticano e lexisladores de México en actos solemnes e conmemorativos. Estudou violoncello desde pequeno no Conservatorio Nacional de México e como bolseiro do Consello Británico no London College of Music. Realizou o posgrao en dirección de orquestra na Royal Scottish Academy of Music de Glasgow. Entre os seus profesores destacan Markson, M. Tortelier, Claret, Saradjján, Truemann, Davies, Zimmerman, Lozano, Webb, Seaman, López Cobos e Pehlivanian.

Naceu na Cidade de México en 1973, no seo dunha familia emigrante. Reside en Compostela e ten nacionalidade mexicana e española.



Luis Tosar, actor protagonista

Nacido en Lugo (Xustás, Cospeito, Terra Chá) en 1971, iniciou a súa carreira no mundo da interpretación no campo da curtametraxe con directores como Jorge Coira, José Carlos Soler ou Alber Ponte. Despois de estudar Historia en Santiago de Compostela entrou no mundo do teatro e máis tarde colaborou nas primeiras tempadas da serie da TVG *Mareas Vivas* interpretando o xuíz, papel que o lanzou á fama en Galicia.

A partir de aí a súa carreira foi imparable. A finais dos noventa deu o salto ás longametraxes sen abandonar as curtas. En menos de dez anos pasou de ser personaxe nun pequeno papel de *Atilano Presidente* a obter en tres ocasións o Premio Goya, en 2003 como actor de reparto por *Los lunes al sol*, de Fernando León de Aranoa; en 2004 como actor principal en *Te doy mis ojos*, de Icíar Bollaín, coa que ademais gañou a Concha de Plata do Festival de San Sebastián; e o último con *Celda 211* de Daniel Monzón, de novo como mellor actor pola súa interpretación de "Malamadre". Cruzando o charco participou en 2006 no *remake* da serie dos anos 80 *Corrupción en Miami*, xunto a Colin Farrell e Jamie Foxx baixo a dirección de Michael Mann.

Entre outros premios, cómpre destacar tamén o galardón á mellor interpretación masculina protagonista nos XVIII premios da Academia das Artes e Ciencias Cinematográficas de España (2004) por *Te doy mis ojos*, filme que lle valeu tamén o Cisne de Ouro ao mellor actor no Festival de Cine de Copenhague (2004). Gañou o premio RNE-Sant Jordi, que concede a crítica catalá ao mellor actor español do ano 2002. Por *Un asunto pendiente* recibiu os premios ao mellor actor no Festival Plataforma de Nuevos Realizadores e no Festival Internacional de cine

de Elxe en 2001. Tamén en 2001 o Festival de Curtametraxes de Noia premiou a súa prolífica carreira. Obtivo igualmente o galardón á mellor interpretación masculina protagonista nos Premios Mestre Mateo 06 por *Cargo*, así como o premio á mellor actuación masculina protagonista por *Celda 211* (Asociación de Críticos Latinoamericanos de Nova York, 2010). Por este mesmo filme foi recoñecido como o mellor actor na XV edición dos Premios José María Forqué (2010), levou o Mestre Mateo 09 da Academia Galega e tamén foi galardoado no Festival Internacional de Cine de Seattle (EUA, 2010). En 2010 recibiu a insignia de ouro da Deputación Provincial de Lugo en recoñecemento aos seus traballos.

En 2010, *Celda 211* foi escollida pola Academia das Artes e as Ciencias Cinematográficas para representar a España nos Oscar, xunto con *Lope*, de Andrucha Waddington, e *También la lluvia*, de Icíar Bollaín, película esta última pola que Luis Tosar vén de recibir unha nova nominación aos Premios Goya. Ademais, acaba de protagonizar *Mientras duermes*, o último thriller de terror de Jaume Balagueró —director do éxito internacional da dupla formada por [REC] e [REC]2— e cuxa estrea está prevista para principios de 2011.

Sobre as táboas, as últimas montaxes que protagonizou foron *Hamlet* (2006), dirixida por Lino Braxe para RTA Producións, *El zoo de cristal* (2005), de Tennessee Williams, baixo as ordes de Agustín Alezzo para Producións Cristina Rota, e *La cena de los idiotas* (2001), de Francis Veber, con dirección de Paco Mir. É membro do dúo cómico The Magical Brothers, así como cantante do grupo The Ellas.

*Salomé*

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

Autoría: Oscar Wilde**Dirección:** Carlos Santiago**Tradución e adaptación:** Pepe Sendón**Espazo escénico:** Pancho Lapeña**Deseño de vestiario:** Clotilde Vaello**Espazo sonoro:** Fran Pérez (Narf)**Deseño de iluminación:** Baltasar Patiño**Coreografía:** Uxía Vaello**Elenco:** Alberte Cabarcos, Marcos Correa, María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro e Hugo Torres

Ao tempo que prepara a súa próxima produción propia, o CDG continúa desenvolvendo a xira do seu espectáculo *Salomé*, que finalizará en marzo con catro novas funcións -do 23 ao 26- no Salón Teatro, onde foi estreado o pasado mes de novembro.

Tralo éxito de público obtido durante a súa exhibición no Salón Teatro de Santiago, onde congregou un total de 2.430 espectadores nas 17 funcións desenvolvidas, o espectáculo inicia unha xira que se estenderá ata finais de marzo e durante a que visitará un total de catro escenarios (once galegos e tres portugueses).

A través dunha posta en escena arriscada, o espectáculo ofrece unha lectura máis satírica e política do

episodio bíblico recreado por Oscar Wilde, mantendo o simbolismo e o ton poético orixinais, pero eliminando os exotismos orientais e as interpretacións relixiosas. Na versión de Carlos Santiago, a traxedia segue acontecendo en Galilea, pero nun contexto contemporáneo e máis próximo ao espectador, aínda que de carácter fantástico. Á parte deste anacronismo premeditado, a adaptación ao galego de Pepe Sendón é fiel ao texto orixinal, de xeito que incide no retrato descarnado das paixóns humanas asinado polo autor dublinés, así como na súa crítica ao poder e ao puritanismo moral.

Funcións en xira

Vigo	Centro Cultural Novacaixagalicia: sábado 8 de xaneiro ás 20.30 h
O Barco de Valdeorras	Teatro Lauro Olmo: venres 14 de xaneiro ás 21.00 h
Guimarães	Centro Cultural Vila Flor: sábado 22 de xaneiro ás 22.00 h
Tondela	Teatro Acert: mércores 26 de xaneiro ás 21.45 h
Braga	Theatro Circo: venres 28 de xaneiro e sábado 29 ás 21.30 h
Vilagarcía de Arousa	Auditorio Municipal: venres 4 de febreiro ás 21.00 h
Lugo	Auditorio Gustavo Freire: xoves 10 de febreiro ás 20.30 h
Tui	Teatro Municipal: venres 18 de febreiro ás 21.30 h
Pontevedra	Teatro Principal: martes 22 de febreiro ás 21.00 h e mércores 23 ás 12.00 h (función escolar)
Narón	Pazo da Cultura: venres 25 de febreiro ás 20.30 h e sábado 26 ás 20.00 h
A Coruña	Teatro Rosalía de Castro: venres 4 de marzo ás 20.30 h
Ourense	Teatro Principal: sábado 12 de marzo ás 20.30 h e domingo 13 ás 19.00 h
Ferrol	Teatro Jofre: xoves 17 de marzo e venres 18
Santiago de Compostela (final do período de exhibición)	Salón Teatro: mércores 23 de marzo e xoves 24 ás 11.00 h (funcións escolares); venres 25 e sábado 26 ás 20.30 h

03 SALÓN TEATRO

Programación xaneiro-xuño 2011*

Xaneiro					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Páx.
Venres 14	20.30	Concerto "à la carte"	Companhia de Teatro de Braga	Teatro	18
Sábado 15	20.30	Concerto "à la carte"	Companhia de Teatro de Braga	Teatro	18
Martes 18	21.30	Concerto do ciclo ST Música Presente	Abe Rábade Trío	Música	19
Xoves 20	20.30	Memoria de Helena e María	Teatro do Atlántico	Teatro	20
Venres 21	20.30	Memoria de Helena e María	Teatro do Atlántico	Teatro	20
Sábado 22	20.30	Memoria de Helena e María	Teatro do Atlántico	Teatro	20
Domingo 23	18.00	Memoria de Helena e María	Teatro do Atlántico	Teatro	20
Venres 28	20.30	Memoria das memorias dun neno labrego	Abrapalabra	Monólogo escénico-narrativo	21
Sábado 29	20.30	Memoria das memorias dun neno labrego	Abrapalabra	Monólogo escénico-narrativo	21
Domingo 30	18.00	Memoria das memorias dun neno labrego	Abrapalabra	Monólogo escénico-narrativo	21
Luns 31	10.15 12.15	Memoria das memorias dun neno labrego	Abrapalabra	Monólogo escénico-narrativo	21

* Programación suxeita a cambios que se actualizarán oportunamente no sitio web www.centrodramatico.org

Febreiro

Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Páx.
Martes 1	11.00	Memoria das memorias dun neno labrego	Abrapalabra	Monólogo escénico-narrativo	21
Venres 4	20.30	Super8	Voadora	Teatro	22
Sábado 5	20.30	Super8	Voadora	Teatro	22
Mércores 9	20.30	Los corderos	Histrión Teatro	Teatro	23
Xoves 10	20.30	Los corderos	Histrión Teatro	Teatro	23
Sábado 12	20.30	A caixa preta	Teatro Acert	Teatro	24
Domingo 13	18.00	A caixa preta	Teatro Acert	Teatro	24
Sábado 19	20.30	Axóuxere de cores	Fundación Igual Arte	Danza	25
Domingo 20	20.30	Festival Sinsal	Laetitia Sadier	Música	26
Sábado 26	20.30	Rua Gagarin	Teatro Oficina	Teatro	27

Marzo

Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Páx.
Venres 4	20.30	La casa de Bernarda Alba	Atalaya – EL VACIE	Teatro	28
Sábado 5	20.30	Hamlet	Cía. Alfredo Padilla	Teatro	29
Domingo 6	18.00	Hamlet	Cía. Alfredo Padilla	Teatro	29
Venres 11	20.30	Os vellos non deben de namorarse	Teatro do Morcego	Teatro	30
Venres 18	20.30	Por que o meniño se coce na polenta?	Sapristi Teatro	Teatro	31
Sábado 19	20.30	Por que o meniño se coce na polenta?	Sapristi Teatro	Teatro	31
Mércores 23	11.00	Salomé	CDG	Teatro	32
Xoves 24	11.00	Salomé	CDG	Teatro	32
Venres 25	20.30	Salomé	CDG	Teatro	32
Sábado 26	20.30	Salomé	CDG	Teatro	32

Abril					
Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Pág.
Venres 1	20.30	Pressing Catch	Berrobambán	Teatro	33
Sábado 2	20.30	Pressing Catch	Berrobambán	Teatro	33
Luns 4		FITU		Teatro	34
Martes 5		FITU		Teatro	34
Mércores 6		FITU		Teatro	34
Xoves 7		FITU		Teatro	34
Venres 8		FITU		Teatro	34
Sábado 9		FITU		Teatro	34
Domingo 10		FITU		Teatro	34
Luns 11	20.30	Ordem e progreso	Carlos Blanco e Abada Teatro	Teatro - Música	35
Martes 12	20.30	Ordem e progreso	Carlos Blanco e Abada Teatro	Teatro - Música	35
Sábado 16	20.30	A filla de Woody Allen	Cía. Santiago Cortegoso	Teatro	36
Domingo 17	18.00	A filla de Woody Allen	Cía. Santiago Cortegoso	Teatro	36
Luns 25		Semana da Danza	CCG	Danza	37
Martes 26		Semana da Danza	CCG	Danza	37
Mércores 27		Semana da Danza	CCG	Danza	37
Xoves 28		Semana da Danza	CCG	Danza	37
Venres 29		Semana da Danza	CCG	Danza	37
Sábado 30		Semana da Danza	CCG	Danza	37

Maio

Día	Hora	Espectáculo	Compañía / Grupo	Xénero	Pág.
Xoves 5	20.30	Limpeza de sangue	Espello Cóncavo	Teatro	38
Venres 6	20.30	Limpeza de sangue	Espello Cóncavo	Teatro	38
Sábado 7		Cortocircuíto		Cine	39
Luns 9		Cortocircuíto		Cine	39
Martes 10		Cortocircuíto		Cine	39
Mércores 11		Cortocircuíto		Cine	39
Xoves 12		Cortocircuíto		Cine	39
Venres 13		Cortocircuíto		Cine	39
Sábado 14	20.30	Moito Conto	Redrum Teatro	Teatro	40
Domingo 15	18.00	Moito Conto	Redrum Teatro	Teatro	40
Martes 17	20.30	Mundo Lois	Nordesía, Filmanova e Kachet	Multidisciplinar	41
Venres 20	20.30		O Coro da Ra	Música	42
Sábado 21	20.30		O Coro da Ra	Música	42
Luns 23		MITU		Teatro	43
Martes 24		MITU		Teatro	43
Mércores 25		MITU		Teatro	43
Xoves 26		MITU		Teatro	43
Venres 27		MITU		Teatro	43
Sábado 28		MITU		Teatro	43
Domingo 29		MITU		Teatro	43
Luns 30		MITU		Teatro	43
Martes 31		MITU		Teatro	43

Índice por espectáculos

XANEIRO

Teatro

Concerto "à la carte"

COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA (Braga, Portugal)
Venres 14 e sábado 15 ás 20.30 h

Música

Abe Rábade Trío

Ciclo ST Música Presente
Martes 18 ás 21.30 h

Teatro

Memoria de Helena e María

TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)
Xoves 20, venres 21, sábado 22 ás 20.30 h e domingo 23 ás 18.00 h

Monólogo escénico-narrativo

Memoria das memorias dun neno labrego

ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS (Galicia)
Venres 28 e sábado 29 ás 20.30 h e domingo 30 ás 18.00 h
Funcións escolares: luns 31, ás 10.15 h e ás 12.15 h; martes 1 de febreiro ás 11.00 h

FEBREIRO

Teatro

Super8

VOADORA en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Venres 4 e sábado 5 ás 20.30 h

Teatro

Del maravilloso mundo de los animales: los corderos
HISTRIÓN TEATRO (Andalucía)
Mércores 9 e xoves 10 ás 20.30 h

Teatro

A caixa preta

TRIGO LIMPO TEATRO ACERT (Tondela, Portugal)
Sábado 12 ás 20.30 h e domingo 13 ás 18.00 h

Danza

Axóuxere de cores

FUNDACIÓN IGUAL ARTE (Galicia)
Sábado 19 ás 20.30 h

Música

Laetitia Sadier

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro
Domingo 20 ás 20.30 h

Teatro

Rua Gagarin

TEATRO OFICINA (Guimarães, Portugal)
Sábado 26 ás 20.30 h

MARZO

Teatro

La casa de Bernarda Alba

ATALAYA – EL VACIE (Andalucía)

Venres 4 ás 20.30 h

Teatro - Estrea

Hamlet

COMPAÑÍA ALFREDO PADILLA (Galicia)

Sábado 5 ás 20.30 h e domingo 6 ás 18.00 h

Teatro

Os vellos non deben de namorarse

TEATRO DO MORCEGO (Galicia)

Venres 11 ás 20.30 h

Teatro

Por que o meniño se coce na polenta?

SAPRISTI TEATRO en coprodución co CENTRO
DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Venres 18 e sábado 19 ás 20.30 h

Teatro

Salomé

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Mércores 23 e xoves 24, funcións escolares ás 11.00 h;
venres 25 e sábado 26 ás 20.30 h

ABRIL

Teatro

Pressing Catch

BERROBAMBÁN (Galicia)

Venres 1 e sábado 2 ás 20.30 h

Teatro

Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU)

Do luns 4 ao domingo 10

Teatro - Música

Ordem e progresso

CARLOS BLANCO - ABADA TEATRO (Galicia)

Luns 11 e martes 12 ás 20.30 h

Teatro

A filla de Woody Allen

COMPAÑÍA SANTIAGO CORTEGOSO (Galicia)

Sábado 16 ás 20.30 h e domingo 17 ás 18.00 h

Danza

Semana da Danza

CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (Galicia)

Do luns 25 ao sábado 30

MAIO**Teatro***Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)*

ESPELLO CÓNCAVO (Galicia)

Xoves 5 e venres 6 ás 20.30 h

Cine*VIII Festival Internacional de Curtametraxes**Cortocircuíto*

Do sábado 7 ao venres 13, agás o domingo 8

Teatro - Estrea*Moito conto*

REDRUM TEATRO (Galicia)

Sábado 14 ás 20.30 h e domingo 15 ás 18.00 h

Multidisciplinar*Mundo Lois*Coprodución de NORDESÍA, FILMANOVA e KACHET
(Galicia)

Martes 17 ás 20.30 h

Música*O Coro da Ra*

Venres 20 e sábado 21 ás 20.30 h

Teatro*XII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU)*

Do luns 23 ao martes 31

Espectáculos



Teatro

Venres 14 de xaneiro e sábado 15 ás 20.30 h

Concerto “à la carte”

COMPANHIA DE TEATRO DE BRAGA (Braga, Portugal)

Autoría: Franz Xaver Kroetz

Dirección: Rui Madeira

Asistentes de dirección: Frederico Bustorff Madeira e Solange Sá

Tradución: Maria Adélia Silva Melo

Escenografía: Carlos Sampaio

Vestuario: Sílvia Alves

Deseño da iluminación: Fred Rompante

Deseño de son: Pedro Pinto

Elenco: Ana Bustorff

Co gallo da conmemoración do seu espectáculo número cen, a Companhia de Teatro de Braga pon en escena *Concerto “à la carte”*, un texto do realismo alemán escrito polo dramaturgo Franz Xaver Kroetz en 1971 que versa sobre a soidade dunha muller entregada á depresión e á obsesión polas cousas ordenadas.

Baixo a dirección escénica de Rui Madeira, trátase dunha comedia social ao revés que expón un ollar frío, concreto e real da vida vivida cada vez por máis mulleres. A vida na máis crúa das rutinas. E no máis pesado dos silencios.

Así, construído en partitura de silencios, este monólogo sen palabras é un espectáculo sobre a existencia, onde durante hora e media a actriz Ana Bustorff dá vida á señora Rasch, unha muller solteira igual que tantas que habitan no apartamento do lado, que se cruzan connosco no supermercado, a quen ollamos sen ver e que morren sen sabermos.

Concerto “à la carte” retrata a historia dos días dunha muller igual que tantas, cando chega a casa, prisioneira da súa propia cabeza, das súas rutinas, do seu caos organi-

zado no cotián. E así un día despois do outro, todos iguais, fríos e abandonados, cos labores do fogar como principal preocupación. Porén, detrás desa fachada de ama de casa habita unha muller con ilusións, que loita no seu interior entre o que quere e o que debe ser.

A compañía

A Companhia de Teatro de Braga (CTB) é unha estrutura profesional de produción teatral. Fundada en 1980 no Porto coa denominación de CENA, estableceuse en Braga en 1984, cumprindo así un dos seus obxectivos programáticos, no ámbito dun protocolo establecido co concello de Braga.

Desenvolve o seu proxecto de creación artística, oscilando entre o texto clásico e contemporáneo, afondando na súa experimentación sobre as prácticas teatrais. Financiada polo Ministerio de Cultura e a Concello de Braga, a CTB ten a súa sede física no Theatro Circo, un dos grandes teatros de Portugal, inaugurado en 1915.



Música

Martes 18 de xaneiro ás 21.30 h

Ciclo ST Música Presente ABE RÁBADE TRÍO

O pianista Abe Rábade, en formato a trío coa súa sección rítmica habitual —o lisboeta Bruno Pedroso á batería e o contrabaixista de Gasteiz Pablo Martín— abre unha nova entrega do ciclo de música ST Música Presente.

Con este concerto presentará en directo *Zigurat*, o seu sétimo disco como líder e o cuarto en formato trío. Esteticamente, o álbum prima o melódico; un lirismo íntimo en ocasións e esgazado noutras. Así e todo, non falta a aposta por métricas complexas e harmonías sofisticadas que fan de *Zigurat* unha obra plenamente axustada á contemporaneidade do jazz. Ao mesmo tempo, os temas conseguen ser vehículos de expresión para tres solistas que manexan un triángulo tímbrico con mimo, rico en texturas, dun amplísimo rango dinámico e, sobre todo, cargado de emoción.

Todos os temas foron compostos por Abe Rábade excepto o tema de peche “Chanson nº 6”, composición de Federico Mompou. *Zigurat* foi editado pola discográfica madrileña con distribución internacional Karonte.

A formación

Nacido en Santiago de Compostela, Abe Rábade empezou a tocar o piano con catro anos nun ámbito familiar de escritores. E é que Abe Rábade é o fillo máis novo dos escritores Xesús Rábade Paredes e Helena Villar Janeiro, e irmán da tamén escritora María do Cebreiro. Formado no prestixioso Berklee College of Music (Boston), foi galardoado en 2001 co Premio Tete Montoliú da SGAE e ofreceu concertos nos principais festivais nacionais e internacionais.

O trío de Abe Rábade é, á súa vez, unha formación estable desde o ano da súa aparición en Boston en 1996. A banda gañou o segundo premio do Concurso Internacional de Grupos de Jazz de Getxo (2000).

Babel de Sons é o primeiro disco do grupo e recolle o directo galardoado con este premio. O segundo álbum levaba por título *Simetrías* e foi presentado no Festival de Jazz Plaza de La Habana (Cuba) en 2002. A seguinte produción discográfica do trío, *Playing on Light*, foi considerada pola revista Cuaderno de Jazz como Mellor Disco de Jazz en España no 2006.



Teatro

Xoves 20 de xaneiro, venres 21 e sábado 22 ás 20.30 h; domingo 23 ás 18.00 h

Memoria de Helena e María
TEATRO DO ATLÁNTICO (Galicia)
Autoría: Roberto Salgueiro
Dramaturxia e dirección: Xúlio Lago
Asistente de dirección: Pilar Martínez "Pilocho"
Escenografía: Rodrigo Roel
Vestiario: Susa Porto
Deseño da iluminación: Xúlio Lago
Música: Fran Pérez "Narf"
Elenco: Lucía Regueiro e María Barcala

Coa posta en escena deste texto de Roberto Salgueiro galardoado co Premio Abrente de Teatro en 2006, a compañía galega Teatro do Atlántico celebra o vixésimo quinto aniversario da súa creación.

Con dirección de Xúlio Lago, Lucía Regueiro e María Barcala compoñen o tándem interpretativo desta trágica historia dunha familia rememorada desde o presente por unha muller (*María*), que lembra as vivencias coa súa nai (*Helena*) desde que esta quedara viúva na Guerra Civil.

Nos meses previos á Guerra Civil, nunha vila de Galicia, prodúcese o primeiro encontro entre Helena e Manuel. A chegada da guerra de 1936 vai levar a Manuel á fronte republicana, e a súa vida vai rematar en Albacete un ano despois. Á morte de Manuel, Helena, a súa viúva, fica na vila coa súa pequena filla, María, froito daquel amor, e con outra herdanza, deixada tamén polo seu home, que vai traer dramáticas consecuencias. Sesenta anos despois, por boca da súa filla, imos coñecer as características da tal herdanza e as consecuencias da súa conservación.

Polo medio, hospicio, convento, máis Guerra Civil, emi-

gración, fariña de millo, memoria sensitiva, memoria histórica, lembranzas maravillosas, vinganzas, amores, soños, casa de bonecas, dozura... libros.

A compañía

A compañía Teatro do Atlántico constitúese no ano 1985 e desde entón leva realizadas un total de 26 producións, entre as que figuran *Casa de bonecas* de Ibsen, *A noite das tribades* de Olov Enquist, *O cerco de Leningrado* de Sanchis Sinisterra, *O encoro* de Conor McPherson, *A raíña da beleza de Leenane* de Martín McDonagh ou *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure (galardoada con sete Premios María Casares 2009).

María Barcala, Casilda García, Susana Dans e Gonzalo Uriarte recibiron premios de interpretación en papeis protagonistas con esta compañía. Tamén foi premiada varias veces por dirección (Xúlio Lago), escenografía (Antonio Simón), actor secundario (Toño Casais) ou mellor espectáculo (*O encoro*, *A raíña da beleza de Leenane* ou *Unha primavera para Aldara*).



Monólogo escénico-narrativo

Venres 28 de xaneiro e sábado 29 ás 20.30 h; domingo 30 ás 18.00 h

Memoria das memorias dun neno labrego

ABRAPALABRA CREACIÓNS ESCÉNICAS (Galicia)

Adaptación e dirección: Cándido Pazó

Música orixinal: Manuel Riveiro

Deseño do espazo escénico e do vestiario: Carlos Alonso

Deseño da iluminación: Afonso Castro

Videocreación: Nano Besada Caneda e Rubén Vidal Prol "Zé"

Cómico-narrador: Cándido Pazó

Funcións concertadas para estudantes de Bacharelato: luns 31, ás 10.15 h e ás 12.15 h; martes 1 de febreiro ás 11.00 h

En 1961 publicouse en Bos Aires un dos libros máis sobranceiros da literatura galega. O máis editado, lido e traducido. O que todos asociamos con algunha vivencia propia ou herdada. Estamos perante unha importantísima celebración para a cultura galega: o 50 aniversario da primeira edición das *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas.

As *Memorias* deixaron en centos de miles de persoas un faturento pouso emotivo. A memoria dunha sociedade que nestes últimos 50 anos foi deixando de ser eminentemente rural para iniciar unha longa travesía cara a un universo urbano, nunha viaxe chea de interseccións e mestizaxes que explican a nosa moderna identidade. Un universo de antigos nenos labregos. Ou fillos, netos, bisnetos, tataranetos de nenos labregos. Habitantes das lei-

ras de asfalto, ou das aldeas da memoria, que por moito que se laven sempre terán a alma lixada de terra.

Para conmemorar este acontecemento, Abrapalabra Creacións Escénicas presenta un espectáculo emotivo e divertido no que se combina a experiencia de Cándido Pazó como autor, actor e director teatral coa súa longa e recoñecida traxectoria como contador de historias e monologuista cómico. Estilizado como unha proposta escénica e directo como unha sesión de narración oral.

O espectáculo goza dun grande atractivo visual, apoiado por un coidado traballo de videocreación que, combinado cunha elaborada iluminación, debuxa unha suxestiva escenografía das emocións. Ademais, cada momento e cada situación teñen a súa sonoridade da man dunha proposta musical composta para a ocasión.



Teatro

Venres 4 de febreiro e sábado 5 ás 20.30 h

Super8

VOADORA en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Dramaturxia e dirección: Marta Pazos

Asistente de dirección: Anabell Gago

Apoio á dramaturxia: Roberto Leal

Colaboración na dramaturxia: Natalia Outeiro "Pajarito" e Afonso Castro

Escenografía: Sandra Varela

Deseño da iluminación: Baltasar Patiño

Música orixinal: Hugo Torres e José Díaz

Elenco: José Díaz, Borja Fernández, Marta Pazos, Uxía P. Vaello e Sergio Zearreta

Se os primeiros amores, os primeiros bicos seguen existindo só porque nós os lembramos, e de feito esta é a súa única existencia, entón todo o vivido vén ser unha novela en fase continua de corrección, un relato permanentemente reescrito. O mundo non existiría sen a memoria; en realidade, só existe a memoria. Non hai futuro, o presente pasa a ser memoria no instante seguinte, e un dos grandes descubrimentos deste século é o papel transcendental da memoria na configuración da nosa vida.

A pegada que deixa no inconsciente unha experiencia individual en forma de recordo insírese no noso *hardware*. Por iso dicimos que estamos programados para sermos únicos, e as nosas decisións van ser o resultado non só da xenética cerebral, senón das pegadas deixadas pola nosa experiencia individual.

A memoria non é tan só un xigantesco almacén, senón un prodixioso disco duro que nos dota de identidade e nos fai absolutamente únicos. En *Super8* cuestiónase o papel da memoria e os seus mecanismos na nosa identidade. Teatro, música en vivo, danza e maxia únense nun espectáculo onde os intérpretes se debaten entre a obsesión de recordar e a importancia de esquecer.

Super8 é a segunda parte da triloxía *Lugares Comúns (Fracaso-Memoria-Paraíso)*. O proxecto investiga os espazos reais e imaxinarios que compartimos e como estes puntos de encontro inflúen na procura da identidade do individuo contemporáneo. *Super8* é a cor da memoria.

A compañía

Con sede na cidade de Santiago de Compostela, a plataforma de creación Voadora xorde en 2007 da vontade de potenciar a creación artística e o intercambio cultural entre creadores da área lusófona. A compañía pretende crear en cada proxecto un espazo activo de traballo onde os artistas poidan crear, investigar, reflexionar e debater sobre temas de carácter universal buscando nexos comúns xeracionais, estéticos, emocionais e artísticos.

Voadora acolle propostas que utilizan a multidisciplinariedade de linguaxes e conxugan as diferentes sensibilidades da paisaxe escénica actual. O equipo, formado por mozos creadores de diferentes disciplinas artísticas, traballa na xestación de proxectos escénicos baseados na experimentación, o xogo e a busca de novas linguaxes.



Teatro

Mércores 9 de febreiro e xoves 10 ás 20.30 h

Del maravilloso mundo de los animales: los corderos

HISTRIÓN TEATRO (Andalucía)

Dramaturxia e dirección: Daniel Veronese

Escenografía: Álvaro Gómez Candela

Deseño da iluminación: Juan Felipe Agustín

Elenco: Gema Matarranz, Paco Inestrosa, Enrique Torres,
Manuel Salas e Elena de Cara

Daniel Veronese, un dos referentes da escena contemporánea internacional, e a compañía Histrión Teatro, unen os seus talentos creativos para levaren á escena un dos primeiros textos do actor, autor e director arxentino.

Gómez aparece atado e vendado na casa de Berta, a quen non ve desde hai vinte anos. Descoñece as razóns pero tanto ela como o seu veciño Fermín, tras conversaren con el de certos temas delicados do pasado, rexeitan darlle as explicacións que pide. Nun momento violento da conversa aparece Tono, amigo íntimo de Gómez no pasado e recentemente separado de Berta, coa cal ten unha filla. A presenza da filla na casa precipita un final inesperado para todos.

A familia, os amigos, o barrio ou a figura do bo veciño semellan rodeados dun halo escuro de violencia... a vida segue para todos.

A compañía

Histrión Teatro nace como empresa no ano 1994 coa representación do espectáculo *Volpone, el zorro* e desde entón vén desenvolvendo unha actividade continuada no eido do teatro profesional tanto para adultos como para nenos. A liña artística da compañía sostense sobre dous piares: o traballo de actor e a importancia dos textos.

Moitas das súas producións foron versións dos clásicos como *Tartufo, el impostor*, de Molière (1996), *Cyrano de Bergerac*, de Edmond Rostand (1999), *Amor de D. Perlimplín con Belisa en su jardín*, de Federico G. Lorca (2003), entre outras. Porén, nas súas últimas montaxes viraron cara a unha dramaturxia máis actual, contemporánea e social, tanto na súa temática como na súa posta en escena.



Teatro

Sábado 12 de febreiro ás 20.30 h e domingo 13 ás 18.00 h

A caixa preta

TRIGO LIMPO TEATRO ACERT (Tondela, Portugal)

Autoría: José Eduardo Agualusa e Mia Couto

Dramaturxia e dirección: Pompeu José

Escenografía: Zétavares

Vestuario: Colectivo

Deseño da iluminación e sonoplastia: Luís Viegas

Elenco: Ilda Teixeira, Raquel Costa e Sandra Santos

Trigo Limpo Teatro Acert presenta esta produción escrita expresamente para a compañía por dous dos maiores escritores da lingua portuguesa, Mia Couto e José Eduardo Agualusa, a partir do conto *Eles não são como nós*, do libro *Fronteiras Perdidas*, de Agualusa.

Un asaltante enmascarado de Lobo Malo invade a casa de Vella Luziña. Esta consegue levalo á cociña e pónnese a conversar. Namentres, a neta da señora esperta e, tras espantarse co aspecto do visitante, atopa a situación divertida e comeza a desenterrar memorias do diario da súa nai. A medida que as forzas da orde se aproximan, descúbrese —dunha forma case policial— a verdade sobre cada personaxe. E o Lobo, que asaltou non só a casa, senón tamén a vida daquelas mulleres, quita por fin a máscara.

As tres actrices Ilda Teixeira, Raquel Costa e Sandra Santos levan este enredo á escena. Un enredo que pretende reflectir sobre a necesidade (ou non) do esquecemento, así como sobre as moitas máscaras que cada un de nós utiliza.

A compañía

Desde a súa formación en 1976 afirmouse como unha compañía teatral dedicada ao descubrimento de interceptacións entre as distintas linguaxes artísticas e do espectáculo como forma de potenciar unha intervención teatral experimental, consecuentemente, creativa e socialmente integrada nunha intervención cultural comunitaria.

Desde 1993, a compañía Trigo Limpo Teatro Acert vén estreando unha media de tres producións teatrais por tempada, promovendo permanentemente unha diferenciada práctica de dinamización teatral na rexión, no país e no estranxeiro.

Alén da presentación de textos dramáticos de autor, estreou máis dunha decena de textos teatrais propios, incidindo a maior parte deles na adaptación teatral de textos de autores contemporáneos (Herman Hesse, Ilse Losa, Isabel Allende, José Gomes Ferreira, Lobo Antunes, Mia Couto e Santos Fernando, entre outros), así como textos orixinais creados especificamente para a compañía. *A caixa preta* constitúe a súa 88ª produción.



Danza

Sábado 19 de febreiro ás 20.30 h

Axóuxere de cores

FUNDACIÓN IGUAL ARTE (Galicia)

Autoría: Fundación Igual Arte

Dirección musical: Marcos Estévez Vila

Dirección coreográfica: Carmela Bueno

Bailaríns: Andrea Alonso, Carmela Bueno, Elena Cubar e Pedro Pomar

Con este espectáculo, a Fundación Igual Arte fai un percorrido de 50 minutos de duración polos diferentes sentimentos que unha persoa pode experimentar, desde a ledicia á paixón, ao amor ou á rabia, pasando primeiro pola tristura e pola esperanza. As palabras fican nun segundo plano e son a cor, a música, o movemento e a imaxe os que expresan.

Igual Arte é unha fundación artística que traballa con-

persoas con necesidades educativas especiais no campo da educación musical, expresión corporal e artes plásticas. Esta Fundación nace coa necesidade de crear un espazo activo e integrador destinado a fomentar a creatividade coa plena convicción de que todos temos dereito a interiorización, transformación e representación de sentimentos, pensamentos e sensacións, promovendo así unha arte viva e plural.



Música

Domingo 20 de febreiro ás 20.30 h

Festival Sinsal. Extensión Salón Teatro
LAETITIA SADIER

A inconfundible voz de Stereolab, Laetitia Sadier, inaugura a quinta edición da extensión do Festival Sinsal en Santiago cun concerto en que presentará o seu debut en solitario, *The Trip*, unha colleita de cancións de aparencia sinxela que agochan toda a profundidade que caracteriza o seu traballo desde os inicios. Fundou Stereolab xunto a Tim Gane a principios dos noventa, e axiña se converteron nunha das bandas fundamentais da década. O seu eclecticismo, do post-rock á electrónica pasando pola bossa nova, e a xa clásica ambigüidade das súas letras fixeron deles un referente para unha xeración. Laetitia é a letrista e principal vocalista, alternando ademais varios instrumentos como a guitarra, os teclados, a percusión ou o trombón. Mantén tamén desde mediados dos noventa a banda Monade, con Rosie Cuckston de Pram, coa que leva gravados tres discos, sen deixar de colaborar con outras bandas ou solistas como Mouse on Mars ou Atlas Sound.

O nome do disco, *The Trip*, fai unha clara alusión á viaxe persoal ao fondo do seu traballo, á condensación de

anos que se mostra por primeira vez espida. Laetitia Sadier aproveita a ocasión para amosar a súa cara menos barroca, máis directa, prescindindo dos arranxos para ofrecer a súa voz pura. A consecuencia desta escolla estética é o peso que as súas letras acadan sen nada que distraia. *The Trip* é un camiño cara o interior da intérprete e da súa dor, un camiño marcado pola perda e as preguntas. Laetitia Sadier dá unha lección de confesionalidade ben entendida para iniciar unha carreira de seu que dará moito que escoitar.

Fundado na cidade de Vigo en 2003, o Festival Sinsal aposta polos sons contemporáneos, as propostas populares e os proxectos máis arriscados do panorama musical internacional. Tamén serve de plataforma para presentar proxectos menos coñecidos pero de igual importancia artística e outros traballos relacionados co fenómeno sonoro. O certame desenvólvese ao longo de todo o ano cunha estrutura estacional, cunha programación definida para cada inverno, primavera, verán e outono.



Teatro

Sábado 26 de febreiro ás 20.30 h

Rua Gagarin

TEATRO OFICINA (Guimarães, Portugal)

Autoría: Gregory Burke

Dirección: Marcos Barbosa

Tradución: João Rosas

Escenografía: F. Ribeiro

Vestuario: Susana Abreu

Deseño da iluminación: Ricardo Santos

Música: Samuel Úria

Elenco: André Teixeira, António Jorge, Emílio Gomes e Tiago Correia

Rua Gagarin, do dramaturgo escocés Gregory Burke, é a máis recente produción da compañía Teatro Oficina de Guimarães. Esta comedia negra sobre un grupo de operarios que secuestran o seu xefe serve de pretexto para abordar o problema da crise xeral, económica, ideolóxica e de valores, así como a desesperación dun cotián que non funciona.

A peza ten como escenario unha fábrica obsoleta e por fío condutor a historia dun rapto que transcorre terriblemente, como non pode deixar de ser, cando o desespero é máis forte que a somnolencia impositiva do cotián. A medida en que avanza a noite, cada un dos raptos vai formulando solucións para resolver o caso.

A pesar da crueza do texto e da realidade que se conta, a peza tenta construír unha poesía, que nos dea un pouco de esperanza e sabedoría.

Gregory Burke naceu en Dumferline (Escocia) en 1968. Tras a universidade, realizou unha serie de pezas dentro da “economía de salario mínimo”. En 1998, sen coñecer ninguén no medio teatral, enviou ao Traverse Theatre de Edimburgo a obra *Gagarin Way* que baixo a dirección de

John Tiffany en 2001, convertírase nun dos maiores éxitos do Festival de Edimburgo. Seguíulle *The Straits*, tamén dirixida por John Tiffany e baseada na mocidade do autor en Xibraltar durante a guerra das Malvinas. En 2006, obtivo un novo triunfo en Edimburgo con *Black Watch*, escrita para o National Theatre of Scotland, e dirixida unha vez máis por John Tiffany, que foi representada no Reino Unido, Os Ánxeles e Nova York.

Outras pezas súas, traducidas ao francés, italiano, ruso, alemán e español, son *Chain Play*, *Debt*, *Liar*, *On Tour*, *The Party*, *Occy Eyes*, *Unsecured* e *Shellshocked*.

A compañía

O Teatro Oficina constituíse en 1994 co obxectivo de crear unha estrutura teatral que desenvolvese a súa acción no sentido de combater as asimetrías rexionais, proporcionando aos cidadáns espazos de formación e aproveitamento cultural na área do teatro. Desde a súa creación, e grazas á súa continuada e persistente actividade, puxo en escena un total de 54 montaxes.



Teatro

Venres 4 de marzo ás 20.30 h

La casa de Bernarda Alba

ATALAYA – EL VACIE (Andalucía)

Autoría: Federico García Lorca

Dramaturxia e dirección: Pepa Gamboa

Espazo escénico: Pepa Gamboa e Antonio Marín

Vestuario: Virginia Serna

Iluminación: Alejandro Conesa

Son: Emilio Morales

Axudantes de dirección: Silvia Garzón, Jerónimo Obrador e Marga Reyes

Elenco: Rocío Montero Maya, M^a Carmen Lérida Rodríguez, Lole del Campo Díaz, Carina Ramírez Montero, Sandra Ramírez Montero, Ana Jiménez García, Sonia Joana Da Silva, Pilar Montero Suárez, Marga Reyes e Beatriz Ortega

Un dos proxectos máis emblemáticos do Centro Internacional de Investigación TNT de Atalaya é o Programa Imarginario, e dentro deste, o proxecto de integración social das mulleres de El Vacie a través do teatro.


El Vacie é o asentamento chabolista máis antigo de Europa. Conta cun millar de habitantes e encóntrase a uns centos de metros do centro TNT. Despois dun obradoiro impartido por Silvia Garzón cunha vintena de mulleres de etnia xitana, Pepa Gamboa, coa asistencia de Jeroni Obrador e Silvia Garzón, decidiron poñer en escena *La casa de Bernarda Alba*, unha das traxedias máis emblemáticas do poeta granadino Federico García Lorca.

A directora escénica apostou por tirar a autenticidade, a espontaneidade, o xogo, a tremenda enerxía e xenerosidade das mulleres que interpretan a obra. A imposibili-

dade de reter un texto para persoas sen alfabetizar que só pisaran unha vez na súa vida un teatro non foi un obstáculo para que Lorca estea presente en cada ollar, en cada pisada, en cada acción.

Investigación teatral e inclusión social foron os dous eixes sobre os cales gravitou un proxecto que espertou unha expectación mediática inusitada e cuxo resultado artístico foi gabado en primeiro termo pola propia sobriña do poeta granadino e presidenta da Fundación García Lorca e, despois, por toda a crítica da profesión teatral, así como polos máis de 30.000 espectadores que xa a presenciaron.

Con esta montaxe, Atalaya recibiu o Premio Nacional de Teatro 2008, o galardón máis importante que se entrega no ámbito teatral do estado español.



Teatro - Estrea

Sábado 5 de marzo ás 20.30 h e domingo 6 ás 18.00 h

Hamlet
COMPAÑÍA ALFREDO PADILLA (Galicia)
Dirección: Jorge Rey
Tradución ao galego: Alfredo Conde
Música: Alejandro Casquero
Axudante de dirección: Josito Porto
Producción: Fran Sanz
Adestrador para voz inglesa: Raúl Villares
Elenco: Alfredo Padilla

A compañía Alfredo Padilla presenta este traballo de investigación e laboratorio teatral sobre o lendario texto de William Shakespeare.

Interpretada por Alfredo Padilla, na montaxe o único límite e marco fixo é o propio texto do autor, onde o actor investiga e explora as posibilidades desestruturando a orde orixinal da fábula; así, a obra comeza polo final no momento en que Hamlet lle pide ao seu amigo Horatio que conte a súa historia. O actor que interpreta a Horatio convértese en Hamlet e representa a súa historia.

Trátase dunha proposta escénica e de investigación permanente, un *work in progress* sobre o texto, a historia e as súas posibilidades.

A compañía

Alfredo Padilla, actor especializado en teatro shakesperiano pola Royal Academy of Dramatic Art (RADA) de Londres, comezou a súa traxectoria interpretativa na súa Arxentina natal, con varios grupos de teatro independente e dentro da compañía La Comedia da provincia de Bos Aires.

Instalado en España desde hai catro anos, traballou na produción da Sala Yago *A natureza do animal* e, a seguir, coa compañía Cámara Negra en *En la soledad de los campos de algodón* de Bernard-Marie Koltès, baixo a direc-

ción de Carlos Álvarez Ossorio. Coa compañía A Internacional Teatro estreou durante 2007 e 2008 as montaxes *Perón-Perón* e *Frida*, baixo a dirección de Jorge Rey.

Ademais, en 2009 representou en Londres e baixo as ordes de John Adams, director de escena da Royal Academy of Dramatic Art desde hai trinta anos, *The Fall of Anthony*, unha versión de textos de Shakespeare a partir de *Xulio César* e *Antonio e Cleopatra* na que interpretou os papeis de Xulio César e Marco Antonio.

Durante a súa estadía no Reino Unido para realizar o seu posgrao sobre o teatro de Shakespeare, Padilla estudou con Nona Shepphard, John Adams, Hugh Fraser (monólogos), Nick Hutchison (monólogos e escenas de multitudes en Shakespeare), Katya Benjamin e Alexander Technique (movemento e *Physical Performance*), Andrew Charity (canto shakesperiano), Greg De Polnay (linguaxe e estilo), Tim Hardy, Michael Gieleta (a personaxe dentro do texto), Alison Skilbeck (sonetos shakesperianos), Brigid Panet, Darren Royston (danza de época), Brett Yount (loita escénica), Adrienne Thomas (técnica vocal), Jessica Turner (sonetos) e Andrew Visnevski. Cada un destes docentes teñen unha forte vinculación ao mundo de William Shakespeare no Reino Unido, ben desde a BBC, a Royal Shakespeare Company, o Old Vic Theatre, o Young Vic Theatre ou o mesmo Globe Theatre.



Teatro

Venres 11 de marzo ás 20.30 h

Os vellos non deben de namorarse

TEATRO DO MORCEGO (Galicia)

Autoría: Alfonso R. Castelao

Dirección: Celso Parada

Escenografía: Pablo "Pastor"

Deseño de iluminación: David Deive

Vestiario: Carlos Alonso

Elenco: Miguel Borines, Mónica Caamaño, Andrés Giráldez, Celia González, Elina Luaces, Cristina Mariño, Iolanda Muíños, Miguel Pernas, Tatán, Miguel Varela, María Veiga e Mundo Villalustre

Esta é unha farsa que trata dos amores de tres vellos imprudentes, D. Saturio, D. Ramón e o señor Fuco, que teñen a desgraza de poñer os seus ollos na mocidade garri-da de tres rapazas novas: Lela, Micaela e Pimpinela. Co-mo consecuencia desa imprudencia, os tres acaban mo-rrendo. D. Saturio, envelenado cun solimán da propia bo-tica. D. Ramón, que por un bico entrega a alma deitado no esterco; e o vinculeiro señor Fuco, que acaba casando coa namorada e morrendo de felicidade.

A compañía

Teatro do Morcego é unha compañía fundada no ano 1989 polo actor e director Celso Parada e Isabel Ávila que

mantén a súa actividade ininterrompida desde entón. Recibiu premios como os Compostela por *Misterio cómi-co* e *Doberman*, ou o María Casares por *Lazariño de Tor-mes*. Realizou importantes montaxes como: *O burgués fi-dalgo*, de Molière; *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao; *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo; *Morte ac-cidental dun anarquista*, de Dario Fo, etc.

Na compañía traballaron e traballan recoñecidos acto-res galegos, como Maxo Barjas, Luísa Merelas, Santi Pre-go, X. Estévez, X. Carlos Mosquera "Mos", Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel Varela, Mundo Villalustre, Gonza-lo Uriarte, E. R. Cunha "Tatán", Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río, etc.



Teatro

Venres 18 de marzo e sábado 19 ás 20.30 h

Por que o meniño se coce na polenta?

SAPRISTI TEATRO en coprodución co CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)

Autoría: Quico Cadaval, sobre textos de Aglaja Veteranyi

Dirección e dramaturxia: Roberto Leal

Axudante de dirección: Gustavo Dieste

Apoio á dramaturxia: Daniel Abreu

Espazo escénico e deseño do vestiario: Marta Pazos

Deseño da iluminación: Baltasar Patiño

Paisaxe sonora: Nacho Sanz

Elenco: Nuria Sanz e Nacho Sanz

En *Por que o meniño se coce na polenta?* mestúranse xéneros que van desde o clown ata un realismo que roza o dramático, pasando pola comedia xestual, o cabaré, a revista, o musical, o vodevil e o circo cos seus pallasos, equilibristas e acrobacias.

Teatro, música en vivo e un pequeno achegamento á danza contemporánea únense para dar forma á historia dunha pequena exiliada do comunismo romanés que leva unha vida circense ambulante, á que Nuria Sanz achega un intenso traballo interpretativo. Con ela sobre o escenario, Ignacio Sanz emprega toda unha serie de "instrumentos imposibles" para compoñer un espazo sonoro envolvente e evocador do universo de recordos da protagonista.

Na montaxe de Roberto Leal, Nuria Sanz sitúase no escenario para contar como Aglaja se suicidou o 3 de febreiro do 2002. Aparece como ela mesma, como unha actriz que nos vai dar unha información pero, por arte de maxia —a mesma maxia que preside toda a obra teatral— convértese na propia Aglaja contando a súa historia real. Ao tempo, a escenografía, que muda para transformarse nunha pista central cunha bancada a modo de grada, traslada o espectador a un circo. A partir de aquí establece un xogo interpretativo entre a actriz e o seu perso-

naxe, de xeito que se sucede a representación de imaxes tiradas da memoria e do maxín da cativa.

Durante todo o espectáculo está presente a referencia ao conto romanés que dá título á obra e que a irmá de Aglaja lle contaba cando era pequena nun intento de evadirse da realidade. A modo de xogo, o conto do meniño que ferve dentro da pota da polenta trataba de dar que pensar aos máis cativos sobre os motivos polos cales o pequeño rematara aí. Porén, Aglaja non deixaba de aterrorizarse ao pensar nun rapaz fervendo no medio deste prato de orixe italiana, pero moi habitual en Romanía.

A compañía

Sapristi é unha compañía formada actualmente por Nuria Sanz e José Campanari.

Os seus espectáculos destacan pola súa aparencia sinxela que descobre un traballo intenso de reflexión e de creación. A estética coidada, a integración do clown, a música e a danza son outras das marcas que identifican esta formación. A compañía combina a produción de espectáculos dirixidos a público adulto cos infantís, concibidos como un elemento de referencia e axuda na educación estética dos rapaces e rapazas.



Teatro

Venres 25 de marzo e sábado 26 ás 20.30 h

Salomé
CENTRO DRAMÁTICO GALEGO (Galicia)
Autoría: Oscar Wilde
Dirección: Carlos Santiago
Axudante de dirección: Víctor Mosqueira
Tradución e adaptación: Pepe Sendón
Escenografía: Pancho Lapeña
Vestuario: Clotilde Vaello
Espazo sonoro: Fran Pérez (Narf)
Iluminación: Baltasar Patiño
Coreografía: Uxía Vaello
Elenco: Alberte Cabarcos, Marcos Correa, María Mera, Pepe Penabade, María Salgueiro e Hugo Torres

Funcións escolares: mércores 23 de marzo e xoves 24 ás 11.00 h

O Centro Dramático Galego finaliza o período de distribución da súa montaxe, *Salomé*, dirixida por Carlos Santiago a partir da obra de Oscar Wilde. A acción, que transcorre nun único acto, sitúase no país mítico de Galilea, onde o tetrarca Herodes Antipas celebra o seu aniversario cun banquete organizado na súa honra pola alta sociedade xudía. Nas traseiras do evento, o equipo de produción traballa baixo o luar incomodado pola voz iracunda de Iokanaán, profeta popular e mesiánico sometido a dura prisión no cortello dos porcos, onde o tetrarca adoita facer desaparecer os seus peores inimigos. Mesmo así, Iokanaán non se farta de denunciar a corrupción e inmoralidade que envolve o goberno de Herodes.

As palabras terribles do profeta chaman a atención de Salomé, fillastra de Herodes, moza de virxinal beleza por quen suspira toda a corte, incluído o seu padraστο, que sente por ela unha paixón inconfesable e politicamente

comprometida. Salomé, celosa da súa virxindade pero posuída por escuras paixóns, encapríchase de Iokanaan e desencadea unha sanguenta traxedia.

A través dunha posta en escena arriscada, o espectáculo ofrece unha lectura máis satírica e política do episodio bíblico recreado por Oscar Wilde, mantendo o simbolismo e o ton poético orixinais, pero eliminando os exotismos orientais e as interpretacións relixiosas. Nesta versión, a traxedia segue acontecendo en Galilea, pero nun contexto contemporáneo e máis próximo ao espectador, aínda que de carácter fantástico. Á parte deste anacronismo premeditado, a adaptación ao galego de Pepe Sendón é fiel ao texto orixinal, de xeito que incide no retrato descarnado das paixóns humanas asinado polo autor dublinés, así como na súa crítica ao poder e ao puritanismo moral.



Teatro

Venres 1 de abril e sábado 2 ás 20.30 h

Pressing Catch

BERROBAMBÁN (Galicia)

Autoría: Paula Carballeira

Dirección: Quico Cadaval

Escenografía: Pablo "Pastor"

Vestuario: Cloti Vaello

Iluminación: Fidel Vázquez

Espazo sonoro: Soyuz

Coreografía: David Loira

Adestramento vocal: Ramón Bermejo

Elenco: Paula Carballeira, Anabell Gago, Chiqui Pereira e Hugo Torres

Este espectáculo para adultos afonda naquilo que nos impulsa a querer contemplar a violencia, desde o circo romano ata o formato televisivo do *wrestling*. Pero os seus loitadores non son Hulk Hogan: son xente da vida cotiá. Así, a compañía Berrobambán fai teatro do espectáculo do *pressing catch*, tomando algunhas das súas convencións: os epítetos dos loitadores, a acrobacia, a música que os acompaña... Pero introducindo variantes como o coidado dos diálogos, a presenza feminina e, sobre todo, a descontextualización da loita.

En *Pressing Catch*, a loita que se realiza nos cuadriláteros, seguindo unhas normas determinadas, ocupa un espazo de ficción: o teatro. Nela, un DJ introduce personaxes tan próximos como Lola, unha muller de moito xenio que usa a violencia como sistema defensivo, que precisa botar a rabia fóra; o Hellmaster, avogado de éxito, cunha vida familiar que non é quen de xestionar; e A Chorona, que recorre á chantaxe emocional, a máis perigosa, a máis sutil. Todos eles controlados por un Árbitro que non quería selo, eterno perdedor nun mundo de gañadores. Naceu para ser heroe, pero tocoulle asumir o papel que ninguén quere: o que ten que evitar a dor, facer que a violencia sexa limpa, siga normas.

A montaxe vai alén da montaxe: amais de actuacións musicais en directo, achega pequenas curtametraxes realizadas por Carlos Alberto Alonso que contan a vida dos protagonistas cando están fóra do ring. Estas pezas audiovisuais contan con cameos estelares, intervencións de actores e actrices que o público poderá recoñecer e que se prestaron desinteresadamente a colaborar no proxecto.

A compañía

Berrobambán é a compañía galega con maior traxectoria en teatro infantil de actores e actrices. A súa proxección internacional abrangue dende o XIV Assitej Festival & Congress (Seúl, 2005), ata unha xira con máis de 30 funcións polo Canadá, con *Diariamente*. En 2006 o CDG encargoulle a montaxe *A cabana de Babaiajá*, coa que comezou unha triloxía sobre o medo que continuaría con *Buh!* e con *Boas Noites* (baseada no texto co que Paula Carballeira gañou o I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil). A súa última produción, *Bicharada*, obtivo o premio María Casares ao mellor vestuario.

Teatro

Do luns 4 ao domingo 10 de abril

XVII Festival Internacional de Teatro Universitario (FITU)
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. ÁREA DE CULTURA

O Festival Internacional de Teatro Universitario, o certame máis antigo destas características en Galicia e nun dos máis vellos do Estado, ocupa un ano máis o Salón Teatro para amosar na súa XVII edición as novidades das aulas universitarias de teatro.

Ao longo destes anos, pasaron polo festival compañías procedentes de países tan diversos como Marrocos, Túnez, Costa de Marfil, Chile, Venezuela, México, Cuba,

Brasil, Porto Rico, Estados Unidos, Francia, Noruega, Escocia, Bélxica ou Portugal; así como a práctica totalidade das aulas de teatro das universidades españolas e diversas escolas superiores de arte dramática.

A programación deste festival poderá consultarse na Área de Cultura da páxina web da Universidade de Santiago de Compostela: <http://www.usc.es/cultura/>



Teatro - Música

Luns 11 de abril e martes 12 ás 20.30 h

Ordem e progresso

CARLOS BLANCO - ABADA TEATRO (Galicia)

Autoría e dirección: Carlos Blanco

Adaptación: Carlos Blanco e Sergio Tannus Trío

Escenografía: Carlos Blanco e Dani Juncal

Iluminación: Dani Juncal

Son: Xurxo Piñeiro

Música: Sergio Tannus Trío

Vestuario: Carlos Blanco

Elenco: Carlos Blanco e Sergio Tannus Trío

A frase "Ordem e Progreso" aparece na bandeira do Brasil. Ordem e Progreso: algo absurdo nun país aparentemente feliz e caótico?

Ordem e Progreso: Carlos Blanco *goes to* Brasil.

Da man duns músicos de luxo: o Sergio Tannus Trío (Sergio Tannus, Sergio Sales e Paulo Silva)

Ordem e Progreso: unha ollada ao novo mundo, a ese Brasil recoñecible... e non tanto.

O humor de Carlos Blanco chega coa cadencia do pandeiro e do cavaquinho, e o fútbol, e o sexo, e as risas.

Ordem e Progreso: unha idea, un mantra?

Se nos organizamos, follamos todos/as?

Unha táctica de adestrador de fútbol?

Ordem e Progreso: partimos da defensa e avanzamos?

Ordem e Progreso: calma, cadencia e música de Pixinginha, Cartola, Nelson Cavaquinho... os clásicos. A nova proposta de Carlos Blanco, tralos éxitos de "Humor negro" e "Só", agora, máis colorista, máis ousada, máis de pel.

Ordem e Progreso, porque o presente está no Brasil, como ben saben as construtoras do país.

A por eles.

Con criterio, con bo ritmo, cunha lingua que é unha trinca.

Ordem e Progreso: para mover o corpo e a mandíbula, rir e bailar.

O futuro é hoxe.

Carlos Blanco e Sergio Tannus Trío, o ritmo que ven.

Que ben!

O monoloxista Carlos Blanco, a través deste espectáculo que coproduce xunto a Abada Teatro, propón aos espectadores unha viaxe ata Brasil. Con el sobre o escenario, os músicos do Sergio Tannus Trío contribuirán a esta ollada cara ao novo mundo.

A compañía

Abada Teatro empezou no outono 2007, con *Humor negro*, unha coprodución con Carlos Blanco. Esta obra, na que tamén actúa o músico Manecas Costa, estreouse en xaneiro de 2008 e acadou moitos éxitos que levaron á adaptación do seu formato para viaxar: *Africanízate*. En agosto de 2009 estreouse outra coprodución con Carlos Blanco, *Só*.



Teatro

Sábado 16 de abril ás 20.30 h e domingo 17 ás 18.00 h

A filla de Woody Allen
COMPAÑÍA SANTIAGO CORTEGOSO (Galicia)
Autoría e dirección: Santiago Cortegoso
Coreografía: Carmela Bueno
Escenografía: Marián Bañobre
Vestuario: Marián Bañobre e Raquel Martínez
Música: Anxo Graña
Iluminación: Salvador del Río
Elenco: Marián Bañobre

O punto de partida de *A filla de Woody Allen* é o inicio dunha viaxe; unha viaxe da protagonista na procura de seu pai, do cal só sabe que vive en Nova York e que lle manda un agasallo cada ano polo seu aniversario. Estes agasallos son tesouros para ela e constitúen un quebrabacabezas co que foi construíndo un mito que a acompaña no seu desenvolvemento vital. Atoparse con ese mito revélase como a vía para acadar a felicidade, pero tamén supón unha fuxida dunha vida cotiá insatisfactoria. Ela loita. É incansable. É vitalista. E pon todas as súas esperanzas nese ser descoñecido. A viaxe a Nova York é a viaxe a un mundo ideal; é a procura de algo por definir, unha interrogante vital que non sabe se será respondida.

A compañía

Despois de anos de traxectoria profesional como actor en Teatro de Ningures, Morcego, A Factoría, Nove Dous e Balea Branca, así como codirector da Aula Universitaria de Pontevedra e como autor de *El charco de Ulises* (Iberescena, 2010), *0,7% Molotov* (Premio Dieste 2009), *Des-Memoria-2* (para Disque Danza), *Os cómicos dell'auto* (para Ningures), *Hámster* (Magalia 2008, Sala Triángulo 2009) e *Casa O'Rei. Traxicomedia gastronómica* (Ed. Morgante), Santiago Cortegoso promove o seu propio selo de creación para emprender proxectos teatrais dun xeito persoal e independente.

Danza

Do luns 25 ao sábado 30 de abril

Semana da Danza
CENTRO COREOGRÁFICO GALEGO (Galicia)

Coincidindo coa conmemoración do Día da Danza (29 de abril), o Centro Coreográfico Galego organiza a Semana da Danza, un programa que reunirá un amplo elenco de compañías galegas que desenvolverán durante seis días pequenas accións escénicas de 20 minutos de duración como mostra do dinamismo coreográfico en Galicia.

A través desta iniciativa, o público poderá comparar as diferentes manifestacións desta disciplina, a calidade e variedade das propostas e a confluencia de diversas linguaxes artísticas.



Teatro

Xoves 5 de maio e venres 6 ás 20.30 h

Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)

ESPELLO CÓNCAVO (Galicia)

Autoría: Rubén Ruibal

Dirección: Arturo López

Axudante de dirección: Gari

Escenografía: Rodrigo Roel

Son: Nani García

Iluminación: Eduardo Alonso

Vestuario: Rodrigo Roel

Elenco: Oswaldo Digón, Gari, Teresa Horro, Arturo López, X. C. Mejuto, Fernando Morán, Xavier Pan, Rodrigo Roel, Tito, Estíbaliz Veiga e Sergio Zearreta

Espello Cóncavo pon sobre as táboas un dos textos máis actuais e interesantes da nova dramaturxia galega, *Limpeza de sangue (o sangue fai ruído)*, de Rubén Ruibal. Cunha estética urbana e tratando temas eternos como o medo á morte ou a marxinalidade, esta obra presenta dous personaxes unidos polo preto que andan do delito e, sobre todo, polo preto que andan da dor e da morte.

Fernando e Pantaleón, un *yuppie* e un ionqui, procedentes de mundos aparentemente opostos, coinciden á espera dun transplante ou do inevitable pasamento, na sala de diálise dun hospital. Igualados pola situación e obrigados a facerse mutua compañía, ven nacer unha amizade inimaxinable en medio da corrupción, a violencia, a inxustiza...

Limpeza de sangue foi a obra gañadora do Premio Álvaro Cunqueiro para textos teatrais do ano 2005 e Premio Nacional de Literatura Dramática do 2007.

A compañía

Espello Cóncavo nace en 1994, aínda que os seus fundadores xa tiñan un longo percorrido polo teatro galego desde finais dos anos sesenta co Teatro Circo de Artesáns da Coruña, co que estiveron presentes na I Mostra de Ribadavia.

Pretende levar aos escenarios galegos un teatro comprometido coa cultura deste país, cos nosos autores e a nosa realidade, con todos aqueles aspectos que hoxe conforman o sentir das xentes. Un teatro que, sen renunciar a ningún aspecto universal, potencie aquilo que nos caracteriza como pobo e cultura diferenciados. Isto é, contribuír ao nacemento dun teatro nacional galego.

Cine

Do sábado 7 ao venres 13 de maio, agás o domingo 8

VIII Cortocircuíto

Organiza: CONCELLERÍA DE CULTURA E CENTROS SOCIOCULTURAIS DO CONCELLO DE SANTIAGO

O Salón Teatro será un ano máis unha das sedes do Festival Internacional de Curtametraxes de Santiago de Compostela, Curtocircuito, nacido en 2004 coa intención de

potenciar e premiar a creación audiovisual no eido da curtametraxe.

Máis información en <http://www.curtocircuito.org/>



Teatro - Estrea

Sábado 14 de maio ás 20.30 h e domingo 15 ás 18.00 h

Moito conto

REDRUM TEATRO (Galicia)

Dramaturxia: Álex Sampayo, Tamara Canosa e Guillermo Carbajo

Dirección: Álex Sampayo

Elenco: Tamara Canosa, Guillermo Carbajo e Mónica García

Música: Manuel Riveiro

Iluminación: Carlos Álvarez-Ossorio

Pepiño e Manola están a piques de vivir un gran desafío. Enganados pola súa madrastra, acabarán perdidos no bosque e vivirán unha aventura que os cambiará para sempre: os nenos terán nas súas mans o destino dos contos e dos sonhos e terán que salvalo convertendo o que consideraban defectos en virtudes.

Moito Conto é unha comedia musical baseada no famoso conto dos irmáns Grimm *Hansel e Gretel*, un espectáculo 100% reciclado cunha clara intención de educar e concienciar sobre a reciclaxe, a reutilización, o respecto ao ambiente e a adopción de estilos de vida saudables. Un espectáculo innovador que non deixará indiferente a ninguén.

A compañía

Redrum Teatro e unha compañía santiaguesa creada por mozos e mozas procedentes de diversos campos do sector audiovisual que nace coa clara intención de ofrecer alternativas creativas que axuden ao desenvolvemento da industria teatral galega. Entre as súas máximas destaca a posta en escena de espectáculos dirixidos directamente ao público, primando a claridade nas historias pero sen esquecer un coidado concepto artístico.



Multidisciplinar

Martes 17 de maio ás 20.30 h

Mundo Lois

Coprodución de NORDESÍA, FILMANOVA e KACHET (Galicia)

Dirección: Lino Braxe

Dirección técnica e produción executiva: Paco de Pin

Música: Alexandro González

Audiovisual: Manu Paz e Antón Reixa

Axudante de dirección e coordinadora de produción: Cecilia Carballido

Elenco: Lino Braxe e Antela Cid

Mundo Lois é un espectáculo escénico ideado por Antón Reixa e dirixido por Lino Braxe que pretende universalizar a través da imaxe a obra de Lois Pereiro, a quen se lle dedica este ano o Día das Letras Galegas.

Co fío condutor da súa propia escrita, na voz do actor Lino Braxe, a actriz Antela Cid e unha ambiciosa escenografía audiovisual que se apoia nunha intensa e constante banda sonora interpretada por Alexandro González, *Mundo Lois* pretende subministrar a calquera espectador profano no coñecemento de Lois Pereiro unha visión fonda, sedutora e interdisciplinar da súa personalidade artística.

Lois Pereiro deixou un legado poético cunha linguaxe moi concreta, á vez moi visual, un universo de imaxes a través dos seus versos, a súa maneira de se enfrontar a medios, ilusións, ideas e paisaxes vitais que foi pouco e pouco percorrendo ata o momento da súa morte.

O autor

Lois Pereiro naceu en Monforte de Lemos en 1958. Con dezasete anos marchou a Madrid para continuar os seus estudos e alí fundou, xunto con Antón Patiño, Xosé Manuel Pereiro e Manuel Rivas, a revista *Loia*, que só coñecería catro números (o último, de 1978). Nesta publicación apareceron poemas do escritor monfortino que posteriormen-

te serían recollidos en *Poemas para unha loia* (1996) —libro en que se inclúe o ensaio “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”, que fora dado a coñecer ese mesmo ano nas páxinas da revista *Luzes de Galiza*.

De regreso ao país, Pereiro figurou nas antoloxías colectivas recollidas baixo os títulos *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985), compilacións en que figuran nomes como Pilar Pallarés, Miguel Anxo Fernán-Vello, Manuel Rivas, Xavier Seoane, Francisco Salinas, Xulio Valcárcel, Lino Braxe e outros poetas de moi diferentes tendencias mais que partillaban inquedanzas culturais. Entre as iniciativas conxuntas deste grupo heteroxéneo destaca o sostemento da revista *Luzes de Galiza*, onde viron a luz alén do ensaio xa citado os oito primeiros capítulos da súa novela inconclusa *Náufragos do paraíso*.

En vida Pereiro só publicou dúas obras, *Poemas 1981/1991* (1992) e *Poesía de amor e enfermidade* (1995), duros e espidos poemas en que se fan patentes as pegadas expresionistas, as referencias á literatura xermánica e certos trazos da contracultura.

Enfermo de SIDA, Lois Pereiro faleceu na Coruña o 24 de maio de 1996 a causa do envelenamento por aceite de colza desnaturalizado, o mesmo día que se coñeceu a sentenza do caso.



Música

Venres 20 de maio e sábado 21 ás 20.30 h

O Coro da Ra

O Coro da Ra presenta no Salón Teatro o seu novo repertorio que, unha vez máis, se basea na música popular e vai desde o rock de Frank Zappa ata cancións de Milton Nascimento, pasando por temas de Queen, Bob Marley ou os Beach Boys. Paradoxalmente, este concerto no escenario do Salón Teatro é para eles algo estraño, pois o seu hábitat natural é a rúa.

O Coro da Ra fundouse en 1993 ao abrigo de Escola de Música Estudio, de Santiago, e continúa a ser o seu coro residente. O enfoque inicial foi o de realizar un repertorio que se afastase do que é tradicional neste tipo de formacións, centrándose na música moderna e indo dende o soul, o blues, o jazz, o rock, o pop, ata o repertorio bra-

sileiro e a música étnica. En vivo, a característica que o diferencia doutros coros son as súas intervencións sorpresa que denominan “Concertos Comando”. Estes peculiares concertos que fan polas rúas das cidades buscan golpear coa súa música no lugar e momento menos pensado, sorprendendo os transeúntes cada vez que actúan.

Baixo a dirección de Ramón Bermejo, está formado por un número de voces que oscila entre 40 e 65, e conta cun amplo abano de solistas entre os que se contan destacados cantantes do panorama musical galego como Ángeles Lago, Najla Shami, Nastasia Zürcher, María Caramés, Diana Vilas, Rocío Jiménez, Paty Lesta, Faia Díaz, Mon Orenco, Sergio Piñeiro...

Teatro

Do luns 23 ao martes 31 de maio

XII Mostra Internacional de Teatro Universitario (MITU)

Promove: AULA DE TEATRO UNIVERSITARIO DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A programación estará dispoñible na Área de Cultura da
páxina web da Universidade de Santiago de Composte-
la: <http://www.usc.es/cultura/>

Venda de entradas

As entradas para asistir aos diferentes espectáculos do Salón Teatro póñense á venda no despacho de billetes, que permanecerá aberto todos os días de función dúas horas antes do comezo de cada actuación.

Tamén poden adquirirse na billeteira electrónica a través do teléfono 902 43 44 43 ou da web www.caixagalicia.es. O prezo das localidades é de 10 euros (cun desconto do 40% para estudantes, xubilados, usuarios do carné xove e desempregados), e de 5 euros o domingo, día do espectador.

As entradas para a concerto de Abe Rábade Trío, encadrado dentro do Ciclo ST Música Presente, están a venda a un prezo especial único de 5 euros.

O4

FORMACIÓN CONTINUA

Obradoiro sobre Molière

Impartido por Mario Tomás

Do luns 14 ao venres 18 e do luns 21 ao xoves 24 de febreiro, en horario de 10 a 14 h

Unha das claves para facer vivir un clásico é atopar nos interrogantes que se desprenden do texto aquelas preocupacións que forman parte da vida actual, a condición de que se intúan como preocupacións tamén dos nosos contemporáneos. Así pódese imaxinar unha nova mirada sobre Molière: actor-autor-xefe de *troupe*, marido enganado e enfermo. Resulta un personaxe fascinante pola súa coraxe, a súa ambición, a súa desmesura, as súas obsesións e, por suposto, o seu talento.

Os participantes ao taller deberán propoñer ou escoller unha das escenas que se facilitarán das obras: *Escola de mulleres*, *Don Juan*, *Tartufo*, *O enfermo imaxinario*, *O Misántropo* e *George Dandin*.

Obxectivos

- Dar a coñecer un estilo de traballo que bebe de diferentes fontes e que, neste caso, axude a reivindicar ao Molière universal, explorando os personaxes das súas obras.
- Máis alá dos clichés e da distancia cultural/idiomática, indagar nese aire elíptico da linguaxe cheo de subtextos e sobreentendidos.

- Converter o verbo en materia viva de xogo, procurando un xeito de actuar eses personaxes sen pensar neles.
- Compoñer a convención de xogo clásica desde o cultivo do imaxinario individual e colectivo.

Contidos

Unha parte do obradoiro estará dedicada á observación e toma de conciencia do instrumento de traballo mediante exercicios de sensibilización e tonificación, pres-tándolle un interese especial á respiración.

A través do xogo barroco de Molière, indagarase na súa comicidade desde o xesto, a situación, as palabras e os caracteres dos personaxes. Así coma tomando pequenas escenas, que se afinarán día a día, faranse evidentes as influencias de Plauto e da *commedia dell'arte* italiana nos seus textos.

Por outra banda, abordaranse a calidade de escoita, o ritmo diexético das escenas, a importancia dos obxectos, as relacións xerarquizadas dos personaxes, o paralelismo da obra coa nosa realidade. Estudarse como achegarse ao texto de xeito que non supoña un encorsetamento para o actor/actriz a hora de considerar o xogo escénico.

Finalmente realizarase unha pequena mostra aberta ao público (*work in progress*), resumo do obradoiro.

Mario Tomás

Director, actor e dramaturgo galego, posúe unha ampla formación no eido do teatro francés. Durante a súa traxectoria profesional participou en máis de corenta montaxes tetarais, interpretando personaxes como Argan (en *El enfermo imaginario*, Cía. La Espada de Madera, 1995/97) ou o do propio Molière nunha montaxe sobre a vida do autor francés. Entre 1992 e 1997 formou parte do elenco de a Troupe de l'Épée de bois na Cartoucherie de

Paris (amadrinada por Arianne Mnouchkine) e foi cofundador do grupo La Espada de Madera (Madrid, 1993), co que colabora ata 1998. En 2006 instálase en Galicia e funda a compañía Tirititempo dirixindo e interpretando as montaxes *A historia máis prodixiosa* (2006), *Os tres porquiños e algún outro* (2007), *Sete-sete, cabaleiro de Albacete* (2008) e *Osofete* (2010).

05 CESIÓN DE ESPAZOS

Neste segundo ciclo de programación, o Centro Dramático Galego continuará apoiando a comunidade escénica mediante o procedemento de cesión de espazos para realizar ensaios das súas novas producións. Deste xeito, a nave industrial de servizos múltiples que mantén a Agadic no compostelán polígono empresarial de Costa Vella será ocupada ata mediados de xaneiro pola compañía de danza Helen Bertels, que está a ultimar na sala pequena o que será o seu debut coreográfico en solitario *Wir Frauen*.

Do 10 de xaneiro ao 28 de febreiro, na sala grande, a compañía galega Circo Expreso ensaia o espectáculo *Lossing Grip*, un dos dez proxectos artísticos beneficiarios do

programa Xoves Talentos do Circo Europeo (*Jeunes Talents Cirque Europe-JTCE*), tras ser elixido por un xurado internacional entre o total de 33 finalistas desta iniciativa europea de apoio a novos creadores no ámbito das artes circenses.

Por outra banda, Traspediente solicitou as instalacións durante a primeira quincena de marzo para a gravación dun vídeo. Do 11 de abril ao 12 de maio na sala pequena a compañía Redrum ultimarán a estrea da súa montaxe *Moi-to conto* (que terá lugar no Salón Teatro).

Finalmente, en abril a nave permanecerá ocupada cos ensaios de *A ópera dos tres reás*, a nova produción do CDG.

